

## CIRCULAR INFORMATIVA TRANSPORTE ESCOLAR CURSO 2022-2023

O día **5 de setembro** de 2022 publicaranse no instituto as **listaxes provisionais** de alumnado transportado. A partir desta data comunicaranse á **Secretaría** do centro, preferentemente mediante correo electrónico, ([ies.afonsox.cambre@edu.xunta.gal](mailto:ies.afonsox.cambre@edu.xunta.gal)), as incidencias ou erros que se puideran detectar.

O día **30 de setembro** de 2022 publicaranse no instituto as **listaxes definitivas** de alumnado usuario de transporte escolar.

Ten a consideración de **usuario lexítimo** de transporte escolar o alumnado de **ensinanzas obrigatorias** cuxo domicilio se atope a máis de **dous quilómetros** do instituto, e utilizará as seguintes **rotas**:

EMPRESA AUTOBUSES ALSA		
Ruta	Paradas	
1	Graxal (polideportivo), Instituto	
2	Graxal (polideportivo), Instituto	
3	Costa da Tapia (Mapfre), Instituto	
4	A	Costa da Tapia (Mapfre), Casa das Palmeiras, Instituto
4	B	Casa das Palmeiras, Paraugas, Instituto
5	Cruceiro de Bribes, Meixigo, Casal, Pontecela, Patiña, Cambre (praza), Instituto	
6	Cambre (praza), Instituto	
7	As Revoltas, Priguiza, Lendoiro, Mota, Fraiz nº 28, Fraiz nº 10, Volteiro, Catro Camiños, Ponte autopista, Cruceiro- Pravio, Carpintería Hnos. Pan, Cambre-Drozo, Cambre, Instituto	
8	Quintán, Apeadeiro de Cecebre, Castros do Bosque, Bar Barbeito, Muíño Vello, Vilares, Gándara, Armental, Carballás, Os Fabas, Estorrentada, A Pega, Instituto	

**Iniciadas as clases**, durante o mes de **setembro**, o alumnado usuario lexítimo de transporte escolar deberá realizar dous trámites na **Secretaría** do centro:

- Consignar a parada que lle corresponde.
- Tramitar o carné escolar para acceder ao autobús (este carnet será necesario a partir do mes de outubro), para o cal deberá aportar unha fotografía actualizada.

No mes de **outubro**, se quedaran prazas vacantes nalgún autobús, abrírase un prazo para que o alumnado non lexítimo as puidera solicitar. Ademais, a **ANPA Castelao** xestiona un autobús para o alumnado do Temple que non ten dereito a transporte escolar.

A dirección.